



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Trámite de información pública do estudo de viabilidade da concesión de servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada e da piscina de verán

ANUNCIO

TRÁMITE DE INFORMACIÓN PÚBLICA DO ESTUDO DE VIABILIDADE DA CONCESIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA E DA PISCINA DE VERÁN

ASUNTO: CONCESIÓN DE SERVIZOS NAS INSTALACIONES DEPORTIVAS MUNICIPAL DA PISCINA CUBERTA CLIMATIZADA E DA PISCINA DE VERÁN DO CONCELLO DE BETANZOS

EXPEDIENTE: 2026/C004/000001

Mediante Resolución da Alcaldía deste Concello, de data 09.06.2026, aprobouse someter a trámite de información pública o Estudo de Viabilidade do contrato de concesión de servizos nas instalacións deportivas municipais da piscina cuberta climatizada de Betanzos e da piscina de verán, redactado pola empresa Brular Gestión S.L., correspondente ao expediente de contratación núm. 2026/C004/000001.

Polo tanto, e en cumprimento do establecido no artigo 247.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, sométese o expediente a trámite de Información Pública polo prazo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia (BOP) da Coruña.

Durante o devandito período poderán formularse as alegacións que se estimen pertinentes, atopándose o Estudo de Viabilidade á disposición do público, tanto fisicamente, nas dependencias municipais do Concello de Betanzos sitas na Praza de Galicia, 1, 15300 Betanzos (A Coruña), de luns a venres, de 09:00 a 14:00 horas, como electronicamente, no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello:

<https://sede.betanzos.gal/sxc/es/informacion/>

As observacións, suxestións ou alegacións deberán presentarse preferentemente vía rexistro electrónico, ou por calquera dos medios previstos de conformidade co establecido no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dirixidas á Alcaldía do Concello de Betanzos.

Betanzos, a 10 de xuño de 2026

A Alcaldesa, María Barral Varela

2026/4092